



R lanza a superoferta para estudantes, con internet de ata 500 megas e sen compromiso de permanencia

- ***A oferta permite contratar o servizo, que non esixe permanencia, por 35, 39 ou 42 euros ao mes, con velocidades de 200 e 500 megas.***
- ***Ofrece a posibilidade de suspendelo temporalmente durante as vacacións de verán e recuperalo ao comezar o curso seguinte.***
- ***Trátase dun servizo deseñado de forma específica para estudantes que viven fóra durante o curso e comparten aloxamento e gastos cos seus compañeiros/as.***

Mércores, 9 de setembro de 2020. Nun inicio do curso escolar marcado pola crise da covid 19 e a importancia da formación *online*, R vén de lanzar unha superoferta para estudantes, un paquete específico cunha clara orientación ás necesidades dos mozos e mozas que viven fóra durante o curso e que, en moitos casos, comparten piso e gastos con compañeiros/as.

O servizo permite unha conexión a internet de 200 ou 500 megas e, neste último caso, con ou sen paquete de TV total con deco Android 4K, servizo rebobina e máis de 90 canles. Non ten compromiso de permanencia e engade a vantaxe de poder suspenderse, de maneira gratuíta, durante os meses de verán, para volver contratalo ao seu regreso ao aloxamento de estudantes.

Esta solución foi deseñada de forma exclusiva para estudantes: para acceder a ela só terán que acreditarse como tales co seu carné de estudante.

A promoción de lanzamento, válida até o 30 de setembro para novas altas, converte este servizo na solución ideal para os/as estudantes durante o curso, nun contexto marcado pola crise sanitaria da covid 19 na que resulta imprescindible contar con boas conexións a internet para facer os seus traballos *online*, acceder aos campus virtuais ou manterse en contacto coas súas familias.

Estas son as opcións detalladas:

200 megas por 35 euros/mes:

- _sen liña telefónica fixa
- _sen permanencia
- _posibilidade de suspensión gratuíta do servizo durante tres meses.

500 megas por 39 euros/mes:

- _sen liña telefónica fixa
- _sen permanencia
- _posibilidade de suspensión gratuíta do servizo durante tres meses

500 megas por 42 euros/mes:

- _sen liña telefónica fixa
- _sen permanencia
- _TV total con deco Android 4K.
- _posibilidade de suspensión gratuíta do servizo durante tres meses

Con esta promoción, **R** segue fiel ao seu compromiso de ofrecer a mellor calidade de telecomunicacións aos prezos máis competitivos do mercado, como a recente oferta 4Play lanzada a semana pasada cunha proposta rompedora de telefonía fixa, móbil co triplo de gigas, internet co dobre de velocidade e TV con deco 4K por 19 euros.

R continúa dando pasos no seu obxectivo de comercializar un produto forte, cunha oferta de valor para todos os seus clientes/as, o que constitúe un dos alicerces estratéxicos da compañía. Froito desta estratexia segue crescendo no mercado e en agosto situouse á cabeza na táboa de portabilidades de móbil a nivel nacional.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal